

OS PRONOMES PERSOAIS

Os pronomes persoais chámanse así porque fan referencia ás persoas gramaticais, é dicir, as que están implicadas en calquera acto de comunicación. Esas persoas gramaticais son:

- 1ª persoa: o falante.
- 2ª persoa: o oínte.
- 3ª persoa: realidade da que se fala (persoa, obxecto...).

Os pronomes persoais poden clasificarse en dous grupos:

1. PRONOMES PERSOAIS TÓNICOS

Chámanse así porque teñen acento propio e nunca van ir unidos ao verbo, como pasa moitas veces cos pronomes persoais átonos. Podemos diferenciar varios tipos de pronomes persoais tónicos:

- **Formas rectas:** non van precedidas de preposición. Funcionan como suxeito (*Nós aprobamos esta materia*) ou como atributo (*O mellor compañeiro es ti*).
- **Formas oblicuas libres:** van precedidos dunha preposición (*a, con, de, por*) ou dunha conxunción comparativa (*ca, coma*). *Fomos **con** elas á manifestación. É tan brillante **coma** ela. É máis / menos brillante **ca** ela.*
- **Formas oblicuas ligadas:** a preposición *con* únese ao pronome conformando unha forma pronominal única. *Ven á manifestación comigo, por favor!*

Número	Persoa	Formas rectas	Formas oblicuas	
			Libres	Ligadas
Singular	1ª	eu	min	comigo
	2ª	ti, vostede	ti, vostede	contigo
	3ª	el / ela	el / ela, si	consigo
Plural	1ª	nós	nós	connosco
	2ª	vós, vostedes	vós, vostedes	convosco
	3ª	eles / elas	eles / elas, si	consigo

- **Contraccións do pronome persoal tónico de 3ª persoa coas preposicións *en* e *de*:**

	EL	ELA	ELES	ELAS
EN	nel	nela	neles	nelas
DE	del	dela	deles	delas

- **NELA** está todo o que eu busco (NON: *En ela está todo o que eu busco).

- **DELES** depende que isto saia ben (NON: *De eles depende que isto saia ben).

2. PRONOMES PERSOAIS ÁTONOS

Chámanse así porque non teñen acento propio, por este motivo van sempre inmediatamente antes dun verbo ou unidos a el. *Xa **nos** avisou pola mañá. Quéresme moito?*

Número	Persoa	CD		CI
Singular	1 ^a	me		
	2 ^a	te		che
	3 ^a	o / a	se	lle
Plural	1 ^a	nos		
	2 ^a	vos		
	3 ^a	os / as	se	lles

Hai varios aspectos fundamentais que debes ter en conta sobre os pronomes persoais átonos:

- Alomorfos das formas de 3^a persoa o / a / os / as. Con alomorfos referímonos a outras formas que poden aparecer no lugar destas. Son as seguintes:

- **no / na / nos / nas** úsanse despois dun verbo rematado en ditongo ou en *-n*:

Merquei o coche barato → Merqueino barato.

*Fixen o exame moi ben → Fíxenoo moi ben. **O -n final do verbo desaparece.***

- **lo / la / los / las** úsanse despois de formas verbais rematadas en *-r* ou *-s* e despois dos pronomes átonos *nos, vos* e *lles*:

Hai que recoller os xoguetes → Hai que recollelos.

Deixáronvos os xoguetes → Deixáronvoslos.

O -r e -s finais desaparecen.

- Os pronomes persoais átonos contraen entre eles cando hai máis de un na oración. Estas son as posibles contraccións:

	O	A	OS	AS
ME	mo	ma	mos	mas
CHE	cho	cha	chos	chas
LLE	llo	lla	llos	llas
NOS	nolo	nola	noslos	noslas
VOS	volos	vola	voslos	voslas
LLES	llelo	llela	lleslos	lleslas

- Fíxate nos seguintes exemplos:

Regaloulle os cadros → Regaloullos / Regaloulles os cadros → Regalóulleslos

- Como saber cando usar o pronome persoal átono de 2ª persoa de singular, te ou che?
 - Se podemos substituír o pronome polas formas do pronome persoal átono **o / a / os / as; lo / la / los / las; no / na / nos / nas**, a solución é **te**: *Vinte onte* → *Vino onte* (NON: **Vinlle onte*).
 - Se podemos substituír o pronome polas formas do pronome persoal átono **lle / lles**, a solución é **che**: *Collinche unha chaqueta* → *Collinlle unha chaqueta* (NON: **Collino unha chaqueta*).
- Normas para a colocación dos pronomes persoais átonos:
 - Nunca poden iniciar unha oración: **Te vin* (*Vinte* é a forma correcta).
 - Van polo xeral despois do verbo: *Dillelo. Saudoume.*
 - Colócanse antes do verbo:
 - Nas oracións negativas, estas poden ir introducidas por *non, nunca, xamais...*: *Eu non o fixen.*
 - Nas oracións interrogativas e exclamativas introducidas por pronomes e adverbios deste tipo: *Que lle fas? Quen che dera! Cando te vas?*
 - Nas oracións desiderativas (expresan un desexo): *Deus **te** oia. Oxalá **me** chame.*
 - Cando aparece un *que, porque, se...*: *Ela díxome que llo dera. Nunca sei se me entende.*
 - Cando o verbo vai precedido de determinados adverbios (*xa, axiña, aínda, mesmo e ata* ('incluso'), *sempre, tamén, seica, ben...*): *Xa te verei mañá. Nós tamén o vimos.*
 - Cos indefinidos *ninguén, nada, ningún / ningunha, alguén, algo, ambos/as, bastante, calquera, todo, todos/as*: *Alguén me di a verdade.*